



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.R.A. DE RIANXO

Atalaia - Asados
15984 RIANXO
☎ 981863305
cra.rianxo@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/crarianxo>



C.R.A. de Rianxo

PROCEDEMENTO ORDINARIO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO 2015 2016

(Orde de 12 de Marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos)

PROCEDEMENTO ORDINARIO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO

(Orde de 12 de Marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos).

a) Normativa reguladora do procedemento de admisión.

- Decreto 254/2012 de 13 de decembro (DOG do 26 de decembro de 2012).
- Orde de 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos (DOG 15 de marzo de 2013).
- Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o proceso de admisión de alumnado en centros sostidos con fondos públicos para o curso académico (30 de xaneiro de 2015).
- Modificación das instrucións da Dirección Xeral de Centros (3 de febreiro de 2015).
- Instrución para os centros sostidos con fondos públicos da Xefatura Territorial de A Coruña, (6 de febreiro de 2015).

Pódese consultar información sobre o proceso de admisión nos seguintes enderezos electrónicos

- Páxina web do C.R.A. de Rianxo:
<http://www.edu.xunta.es/centros/crarianxo/taxonomy/term/138>
- Paxina web da Consellería de Educación en: <http://www.edu.xunta.es/web/node/14293>
- Así como na Sede do Centro en Atalaia – Asados.

b) Postos escolares ofertados para o curso académico nos niveis de ensino aos que se refira o procedemento de admisión.

	PERMANECEN					RESERVA ANEAE	VACANTES	
	4º EI	5º EI	6º EI	1º EP	2º EP			TOTAL
ABUÍN		1	4	3	0	8	6	6
CAPELA I.		3	2			5	3	12
CAPELA P.				7	9	16	3	1
CRUCEIRO		4	6			10	3	7
CUVIDE		5	5			10	3	7
OUTEIRO		1	2	3	0	6	6	8
PAZO I.		5	4			9	3	8
PAZO P.				5	7	12	3	5
QUINTÁNS		4	1	4	4	13	6	1
RAÑÓ		1	2	2	1	6	6	8
	0	24	26	24	21	95	42	63

c) Prazo de presentación das solicitudes de admisión.

- Do 1 ao 20 de Marzo de 2015.

d) Información a respecto da presentación de solicitudes de admisión:

- Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro. Se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

e) Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo, se é o caso.

- 23 de Marzo ao 4 de Abril.

f) Calendario que inclúa a data de publicación das listaxes do alumnado admitido e non admitido e os prazos para formular reclamación.

- Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos: antes do 25 de Abril
- Formulación de reclamacións ás listaxes definitivas: 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional
- Publicación das listaxes definitivas: antes do 15 de maio

g) Prazo para formalizar a matrícula que deberá axustarse ao modelo normalizado do anexo III desta orde.

- Do 20 ao 30 de xuño

h) Centros que ten adscritos, e adscrición do centro a outro ou outros, se é o caso.

- O C.R.A. de Rianxo está adscrito ao C.E.I.P. Castelao de Rianxo a e ao C.E.P. Brea Segade de Taragoña de acordo co indicado no seguinte cadro:

Escola	Centro de adscrición	Nivel
ABUIN	C.E.I.P. Castelao	2º E.P.
CAPELA P.	C.E.P. Brea Segade	2º E.P.
CRUCEIRO B	C.E.P. Brea Segade	6º E.I.
CUVIDE	C.E.P. Brea Segade	6º E.I.
OUTEIRO	C.E.P. Brea Segade	2º E.P.
PAZO PRIMARIA	C.E.I.P. Castelao	2º E.P.
QUINTÁNS	C.E.I.P. Castelao	2º E.P.
RAÑÓ	C.E.I.P. Castelao	2º E.P.

i) Área de influencia do centro en cada unha das ensinanzas impartidas e áreas limítrofes.

- PARROQUIA DE ARAÑO: O agro da Moa, O Batán, Buía, Campelo, Cantalarrana, A Capela, Carballal, A Casilla, Cerqueiras, Contrés, A Ermida, A Ferrería, Foxacos, Os Lemos, As Miráns, Outeiro, A Pontenova, Pousada, O Rabado, O Toural, Traba, A Varela, O Vilar, Os Xens, Os Xufreus. ESCOLA DE REFERENCIA: ESCOLA DE ARAÑO
- PARROQUIA DE ISORNA Isorna, Sestelo, Quintáns, O Regueiro solo as vivendas da marxe sur da rotonda: ESCOLA DE REFERENCIA: QUINTÁNS, os seguintes lugares da parroquia de Isorna, Vacariza, Xeixiñal ou Aldea de Abaixo e o Regueiro na marxe norte da rotonda, teñen como centro de referencia o C.E.I.P. A.D.R. Castelao.
- PARROQUIA DE LEIRO: Abuín, Brión, Cabanas, A Igrexa, Meiquíz, Or, Palleiro, A Pedreira, Rañó, Rial. ESCOLA DE REFERENCIA: ABUIN E RAÑÓ
- PARROQUIA DE RIANXO: A Barraca, O Barral, , O Bosque, A Carballeira, O Pazo, ESCOLA DE REFERENCIA: PAZO
- PARROQUIA DE TARAGOÑA: A Burata, O Burato, O Campo da Feira, Campos de Pazos, Cartomil, O Castriño, Chorente, Corques, A Coviña, O Cruceiro, A Cruz, Cuvide, Dorna, Fachán, Fonte Susán, A Igrexa, Iñobre, A Laxe, Monte de Dorna, O Moroso, Ourille, Ourolo, Outeiro, Paradela, Pastoriza, As Pedriñas, A Senra, Té. ESCOLA DE REFERENCIA: CRUCEIRO, OUTEIRO E CUVIDE
- SON ZONAS LIMÍTROFES NO CONCELLO DE RIANXO:
- PARROQUIA DE ASADOS: Asadelos, A Atalaia, Burés, A Castiñeiriña, A Devesa, O Laxido, Lustres, A Mámoa, A Marquesa, Monte Grande, Outeiro, A Revolta, A Santa Lucía, Somoza, Suigrex, Vilanustre, Vilas
- OS SEGUINTE LUGARES DA PARROQUIA DE RIANXO: Bispo Arauxo, As Cortes, O Cruceiro, Rianxiño, Rianxo, Xogo dos Bolos.

j) Servizos complementarios que ofrezca o centro, identificando a normativa concreta que os regule.

- O C.R.A de Rianxo non oferta servizos complementarios

SOLICITUDE DE ADMISIÓN

- Presentará solicitude de admisión o alumnado matriculado nun centro docente que desexe cambiar a outro centro, o alumnado que pretenda continuar estudos nun centro de adscrición cando o número de prazas dispoñibles sexa inferior á demanda, e o alumnado

que solicite posto escolar por primeira vez, presentará a solicitude que deberá axustarse ao modelo normalizado do anexo II desta orde.


- Esta solicitude será única e terá carácter vinculante.
- O impreso será facilitado gratuitamente nos correspondentes centros docentes e poderá descargarse da páxina web desta consellería.
- A solicitude terá que estar asinada por calquera das/os titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambas/os proxenitoras/es, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.
- No suposto de alumnado afectado por situación de violencia de xénero non será exixible o previsto no parágrafo anterior.
- A solicitude irá dirixida á dirección dos centros públicos e á titularidade dos centros privados concertados, e presentarse no centro indicado en primeiro lugar.
- Cada solicitude poderá conter unha relación de ata seis centros, por orde de preferencia. No caso de que a persoa solicitante non fose admitida no centro indicado en primeiro lugar, aplicarase o procedemento para a adxudicación subsidiaria de postos escolares regulado no capítulo IV desta orde.
- A persoa interesada terá dereito a que o centro lle expida copia ou xustificante, con data e selo, acreditativa da presentación da solicitude.
- O centro educativo deberá rexistrar a solicitude na aplicación de xestión académica e administrativa desta consellería (XADE), nos tres días hábiles seguintes ao da súa presentación.
- As persoas interesadas autorizarán expresamente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a solicitar ante o Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a información de identidade persoal necesaria para o proceso de admisión. De non autorizar esta consulta, deberán achegar copia do documento de identidade correspondente.

Documentación que acompañará a solicitude

- A solicitude de admisión deberá ir acompañada da documentación acreditativa do requisito de idade e de estar en disposición de reunir os requisitos académicos exixidos en cada nivel educativo ou etapa nos termos do anexo II.
- A documentación que se presente en calquera trámite do procedemento deberá ser orixinal ou copia cotexada.

Documentación cando a demanda de prazas escolares sexa superior á oferta

- Logo de determinar que o número de solicitudes é superior ao de prazas ofertadas, o centro abrirá un prazo de 10 días hábiles, contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión, para achegar a documentación xustificativa dos criterios de baremo.
- A presentación desta documentación ten carácter voluntario. A falta de presentación desta documentación impedirá valorar o criterio ou criterios para efectos de determinar a puntuación correspondente.
- O consello escolar dos centros docentes públicos e a titularidade dos centros privados concertados poderán requirir, de forma motivada, a documentación complementaria que estimen necesaria para acreditar as situacións e circunstancias alegadas, concedendo un prazo de 5 días hábiles para á súa presentación.
- A falta de presentación en prazo da documentación requirida impedirá ter por acreditado o criterio ou criterios afectados, e en consecuencia, impedirá valoralos para efectos de determinar a puntuación.



Cristerios xerais de baremo

Existencia de irmáns no centro

Irmán matriculado no centro	8
2º e seguintes irmáns matriculados no centro	2
Xemelgos, sempre que soliciten área de influencia	8

* **Pai, nai ou titor legal traballador do centro (non acumulable ambos)** 3

* Proximidade do domicilio familiar ao centro

Domicilio familiar na área de influencia do centro	6
Domicilio familiar nas áreas limítrofes	3
Domicilio familiar noutras áreas	0

* Proximidade do lugar de traballo ao centro (non acumulable ao domicilio)

Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal na área de influencia	4
Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal na área limítrofe	2
Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal noutras áreas	0

* Renda anual PERCÁPITA da unidade familiar

Ingresos inferiores ao 0,5 veces ao IPREM	3.195,06	3
Ingresos igual ou superiores ao 0,5 e inferior ao 0,75 veces ao IPREM	3.195,06 e 4.792,60	2
Ingresos igual ou superiores ao 0,75 e inferior ao IPREM	4.792,60 e 6.390,13	1
Ingresos igual ou superiores ao IPREM	6.390,13	0

* Por condición de familia numerosa

De categoría especial	3
De categoría xeral	2

* **Por condición de familia monoparental** 2

* Discapacidade (igual ou superior ao 33%)

No/a alumno/a	4
No pai, nai ou titor legal	3
Nos irmáns do alumno/a	1

* **A criterio do centro** 1

O C.R.A. de Rianxo, renuncia ao establecemento do criterio complementario ao que fai alusión o artigo 28 da orde de 12 de marzo de 2013

IPREM ano 2015 6.390,13 € en cómputo anual

En Rianxo a 24 de febreiro de 2015

